



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Expediente: 2025000037339

Referencia: Programa provincial de apoio ao comercio local

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA PROVINCIAL DE APOIO AO COMERCIO LOCAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES NO ANO 2025.

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente número 2025000037339 no que se acreditan os seguintes

I.- ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponde inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno, e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do “Programa provincial de apoio ao comercio local ” nos concellos de menos de 20.000 habitantes, e vistos os informes do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, da Secretaría xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, do 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do “Programa provincial de apoio ao comercio local”, que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as bases reguladoras do Programa provincial de apoio ao comercio local nos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes no ano 2025.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa provincial de apoio ao comercio local nos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no ano 2025, de conformidade coas bases reguladoras.

Quinto. Remitir o acordo, así como o extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou

recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROGRAMA PROVINCIAL DE APOIO AO COMERCIO LOCAL NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

Exposición de motivos

Nos últimos anos, a provincia da Coruña está a experimentar un preocupante declive do tecido comercial nas súas zonas máis rurais derivado do peche continuado de pequenos establecementos de proximidade. A falta de substitución xeracional, o envellecemento da poboación, a dispersión territorial e a competencia da venda en liña e das grandes superficies están a provocar unha desaparición progresiva do comercio local, especialmente nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta tendencia supón non só unha perda de actividade económica, senón tamén un deterioro do tecido social e da calidade de vida da veciñanza, que ve como minguan os servizos esenciais non territorio.

Ante esta realidade, resulta imprescindible poñer en marcha medidas específicas que contribúan a frear o peche de comercios, dinamizar as vendas e reforzar o consumo de proximidade, garantindo así o mantemento do comercio como motor económico e como servizo público de primeira necesidade no rural.

A través desta liña de axudas, a Deputación provincial da Coruña, no exercicio do seu papel de cooperación cos concellos e vertebración do territorio, considera prioritario apoiar directamente aos pequenos establecementos comerciais da provincia situados en concellos con menor poboación e en risco de despoboamento, promovendo un impacto positivo tanto na súa viabilidade como no acceso da cidadanía a bens e servizos básicos na propia contorna.

É nestes concellos pequenos, onde o comercio de proximidade cumpre unha función vital e non só económica, senón tamén social e demográfica. Deste xeito, contribuírase a soste-lo poboación na provincia, fortalecer a economía local, fixar emprego e combater a perda de servizos básicos en zonas de declive demográfico.

O pequeno comercio de proximidade representa un servizo esencial para a vida diaria nas zonas rurais, non só como xerador de emprego, senón como elemento cruce para a cohesión social e fixación de poboación.

Non obstante, este sector afronta maiores dificultades estruturais derivadas do despoboamento, o envellecemento demográfico, a falta de relevo xeracional e a crecente competencia de canais de venda dixitais ou urbanas.

Por isto, en liña co seu compromiso co desenvolvemento equilibrado da provincia, a Deputación da Coruña impulsa esta iniciativa de dinamización do consumo local mediante axudas dirixidas a persoas físicas maiores de 18 anos, co obxectivo de facilitar a realización de compras en comercios situados en concellos de menos de 20.000 habitantes, como medida complementaria a outras políticas públicas de diferentes ámbitos.

Con esta actuación, a institución provincial contribúe a soste-lo tecido comercial e empresarial do rural, a promover un consumo responsable e de proximidade, e a reforzar a resiliencia económica dos pequenos concellos da provincia, permitindo que toda a poboación maior de 18 anos, con

independencia do lugar onde resida, poida realizar compras nos comercios situados en concellos de menor poboación dentro do marco das súas competencias en materia de desenvolvemento territorial e apoio á economía local.

Ao fomentar o estímulo das vendas nos pequenos establecementos de proximidade, preténdese paliar tamén os efectos do despoboamento e reforzar o papel que estes comercios desenvolven como eixes vertebradores da vida social e económica no rural.

De acordo co disposto no artigo 30.1.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que atribúe á comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de comercio interior, a Deputación da Coruña ten solicitado á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a correspondente declaración de compatibilidade da presente liña de axudas co marco normativo autonómico, como órgano competente para velar pola coordinación e coherencia das políticas públicas no sector comercial galego.

As axudas reguladas nesta convocatoria tramitaranse a través da entidade financeira colaboradora ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. seleccionada ao abeiro da Resolución de Presidencia número 2025 / 42953 do 15 de setembro de 2025.

Como criterio adicional de compromiso co territorio, un dos criterios que se tivo en conta para a adxudicación da entidade colaboradora foi que tivera oficinas comerciais abertas ou servizos de caixeiro automático nos 82 concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia. Este criterio busca reforzar a presenza das entidades financeiras nos núcleos rurais e contribuír á loita contra a exclusión financeira, incentivando que non se eliminen servizos básicos nos municipios máis pequenos.

Artigo 1. Bases reguladoras

Estas bases teñen por obxecto establecer a normativa reguladora pola que se rexerá a concesión no ano 2025 das axudas do Programa provincial de apoio ao comercio local nos Concellos de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña.

Artigo 2. Obxectivos

O obxectivo deste programa é incentivar a demanda comercial, axudando economicamente ás persoas consumidoras, así como fomentar o consumo nos establecementos comerciais retallistas adheridos á campaña.

Ademais, o programa ten como finalidade propiciar o fortalecemento do sector comercial da Provincia da Coruña naqueles concellos de menor poboación, dinamizar a actividade comercial promovendo as compras de bens en comercios de proximidade, mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais e paliar o impacto negativo derivado da actual situación inflacionista.

Artigo 3. Orzamento

1. Para a concesión destas axudas destinarase a cantidade de 6.000.000 €, financiados con cargo á aplicación orzamentaria **0520/4314/481** do orzamento da Deputación.

2. Poderase incrementar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento estará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Artigo 4. Entidade colaboradora

A entrega e a distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Resolución de Presidencia número 2025 / 42953 do 15 de setembro de 2025.

Artigo 5. Actividade subvencionable

1. Por medio desta convocatoria subvencionarase a compra de bens, a través de bonos de desconto, nos establecementos comerciais retalistas dos concellos de menos de 20.000 habitantes da Provincia da Coruña adheridos ao programa.
2. As vendas subvencionadas serán as que se realicen entre o día 20 de outubro ata o día indicado no artigo 18 destas bases..
3. Estes bonos non se poderán empregar para a adquisición de tarxetas regalo, vales, bonos ou similares.

Artigo 6. Natureza das axudas

Estas axudas terán a consideración de subvencións a efectos do previsto na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento..

Artigo 7. Procedemento de concesión

O procedemento para a concesión das axudas reguladas nestas bases é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde das solicitudes ata o esgotamento do crédito previsto no artigo 3 destas bases reguladoras.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si polo interese especial en promover actuacións que fomenten o consumo nos comercios retalistas, cumprindo os requisitos especificados nestas bases.

Artigo 8. Servizo responsable da xestión das axudas

O responsable da xestión das subvencións será o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, a quen lle corresponderá desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.

De conformidade co artigo 5.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a xestión dos fondos públicos asignados ao programa levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 9. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as persoas físicas maiores de 18 anos, con independencia do lugar onde residan, que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 destas bases reguladoras.

Para ser beneficiarias terán que tramitar as súas solicitudes conforme o establecido nestas bases.

Artigo 10. Alta e requisitos dos comercios para a adhesión ao programa

1. Os establecementos comerciais retalistas que desexen adherirse ao programa deberán rexistrarse na web www.mercanavila.gal indicando a seguinte información:

- Nome e apelidos ou razón social.
- Domicilio fiscal.
- NIF.
- Nome, apelidos e DNI ou NIE da persoa representante.
- Nome comercial, no seu caso
- Enderezo do establecemento comercial para o que se solicita a adhesión.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- Epígrafe do Imposto de Actividades Económicas correspondente á actividade desenvolta no establecemento adherido (dos incluídos no anexo II).
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial, no seu caso.
- Declaración de estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Deputación da Coruña e cos concellos da provincia da Coruña.

2. O prazo de adhesión dos comercios comprenderá desde o día 6 ao 20 de outubro de 2025 ás 9:00 horas.

Mediante Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña poderase modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellaran, dándose a oportuna publicidade.

3. Poderán adherirse ao programa os establecementos comerciais retalistas que cumpran os seguintes **requisitos**:

- a) Que teña polo menos un establecemento comercial aberto nalgún dos Concellos da Provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes que se relacionan no Anexo I das presentes Bases e reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade.

b) Que estean dados de alta nalgún dos grupos ou epígrafes do IAE recollidos no Anexo II das presentes Bases.

c) Estar exento do pago do Imposto de Actividades Económicas por aplicación do artigo 82.1.c) do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

4. A alta e o uso da aplicación polos comercios suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

5. Na alta para a adhesión ao programa os comercios poderán outorgar a súa autorización para recibir información das axudas, actuacións e programas que poña en marcha a Deputación da Coruña.

6. A persoa física que exerza a actividade comercial ou o representante legal no caso de persoa xurídica deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigadas a cumprir. A Deputación Provincial poderá comprobar e, no seu caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

7. Non se admitirán nin se terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nestas Bases.

8. O nome comercial e a localización dos establecementos retailistas adheridos ao programa farase pública na web: www.mercanavila.gal

9. Os comercios adheridos ao programa recibirán cunha periodicidade semanal, na conta bancaria indicada para tal efecto, a cantidade equivalente aos descontos trocados no seu establecemento, agás no suposto previsto no artigo 20 destas bases reguladoras.

Artigo 11. Comprobación de datos dos comercios

Poderán consultarse automaticamente os datos dos comercios incluídos nos seguintes documentos agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante, no caso de persoas físicas, ou NIF da solicitante, no caso de persoas xurídicas.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado da AEAT de alta no imposto de actividades económicas (IAE).

No caso de que a persoa interesada se opoña á súa consulta deberá achegar os correspondentes documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Presentación da solicitude dos bonos

1. Para a solicitude e a obtención dos bonos, cada persoa usuaria deberá darse de alta na web www.mercanavila.gal indicando a seguinte información:

- a) Nome e apelidos.
- b) Maior de 18 anos.
- c) DNI ou NIE.
- d) Localidade de residencia (código postal).
- e) Número de teléfono móbil.
- f) Correo electrónico.

2. O uso da páxina web e a descarga dos bonos polas persoas usuarias suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informadas convenientemente.

3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. A Deputación da Coruña poderá consultar os datos das persoas solicitantes que figuren nos documentos oficiais correspondentes, salvo que a persoa interesada se opoña expresamente a esa consulta, e poderá requirir, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos cando resulte necesario.

4. Así mesmo, as persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5. Opcionalmente, os bonos poderán solicitarse presencialmente na Deputación da Coruña.

As persoas interesadas, ou as súas representantes, poderán autorizar expresamente aos/ás empregados/as para a solicitude e a obtención dos bonos en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración responsable en comparecencia persoal da persoa interesada ante a persoa funcionaria da Administración.

Artigo 13. Sistema de funcionamento dos bonos

1. A descarga dos bonos polas persoas usuarias realizarase na web www.mercanavila.gal. Estes terán formato dixital a través dun código QR e estarán dispoñibles para a súa utilización nunha APP que permita realizar pagamentos (Wallet ou similar).

2. Para poder trocar os bonos e facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os/as comerciantes terán que descargar no seu móbil a APP habilitada ao efecto pola entidade colaboradora.

3. No momento da compravenda, os/as comerciantes terán que introducir na APP o importe e o concepto da venda, aparecendo automaticamente o importe a cobrar (unha vez aplicado o desconto). O concepto da venda introducido na APP debe corresponderse coa numeración do ticket ou factura de compra entregada á clientela.

Pola súa banda, as persoas usuarias deberán mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada.

4. Os bonos descargados poderanse utilizar ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o orzamento desta convocatoria.

Artigo 14. Deberes dos comercios retalistas adheridos ao programa

Os establecementos comerciais adheridos ao programa adquirirán, a través da solicitude de adherencia ao programa, as seguintes obrigas:

a) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa de apoio ao Comercio Local.

b) Facer o desconto directo dos bonos nos tickets ou facturas de compra emitidos, de xeito que as persoas usuarias non cheguen a realizar, en ningún caso, o desembolso do importe descontado. Para estes efectos, o ticket ou factura de compra deberá reflectir, en todo caso, o importe da compra, o importe do desconto do bono e o importe final que se pagará.

c) Especificar por escrito na zona de caixa, de forma visible, a política de devolución establecida no apartado 5 do artigo 16 destas bases reguladoras.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da Deputación da Coruña para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.

e) Conservar durante un ano todos os tickets ou facturas de compra xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto poidan ser obxecto de comprobación e control por parte da Deputación.

f) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.

Artigo 15. Órganos competentes para a instrución e resolución

O Servizo de Desenvolvemento Territorial da Deputación da Coruña será o responsable da instrución do procedemento de concesión da subvención.

Corresponderalle ao Presidente da Deputación ditar a resolución correspondente, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 16. Condicións de uso dos bonos

1. Cada persoa beneficiaria disporá dun único bono que poderá ser usado nun ou varios dos comercios retalistas adheridos ao programa.

2. Cada bono terá a consideración de bono desconto por un valor de ata **100 euros** para as compras realizadas nos comercios adheridos.

O importe do bono irase reducindo en función do valor da compra realizada de acordo cos seguintes criterios:

- Desconto de 5 € en compras iguais ou superiores a 20 € e inferiores a 30 €.
- Desconto de 10 € en compras iguais ou superiores a 30 € e inferiores a 50 €.
- Desconto de 15 € en compras iguais ou superiores a 50 €.

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

3. A validez dos bonos estenderase ata o prazo previsto no artigo 18, salvo o esgotamento previo do seu saldo, ou ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance o total do orzamento do programa.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa, os/as comerciantes terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das súas vendas, os bonos xa trocados, os abonos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O/a comerciante non poderá abonar á persoa consumidora, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

6. Non será aplicable o troco desta axuda para as compras en liña.

Artigo 17. Data de descarga dos bonos

Os bonos estarán dispoñibles na web www.mercanavila.gal para a súa descarga polas persoas usuarias desde o 20 de outubro ata o 20 de novembro de 2025, ou ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 6.000.000 € (seis millóns de euros).

Artigo 18. Vixencia do programa

O Programa provincial de apoio ao comercio local nos Concellos da Provincia de menos de 20.000 habitantes estará en vigor ata o día 20 de novembro de 2025, prazo en que remata o troco dos bonos nos establecementos adheridos ao mesmo.

Mediante Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña poderase modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellaran, dándose a oportuna publicidade.

Artigo 19. Instrución e resolución de concesión

Co troco dos bonos na forma establecida no artigo 13 destas bases reguladoras, as axudas entenderanse concedidas ás persoas beneficiarias.

A resolución de concesión das axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na páxina web oficial da Deputación da Coruña, con indicación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas.

Artigo 20. Xustificación e inspección

A Deputación da Coruña, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar durante o período de vixencia do antedito programa, e a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do mesmo.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos adheridos, a Deputación da Coruña poderá cancelar a adhesión destes ao programa. Neste caso comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora a fin de impedir o troco dos bonos e paralizar o proceso do seu pagamento ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os comercios retalistas adheridos ao programa están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Deputación da Coruña e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas concedidas.

Alén do anterior, estas axudas están sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Deputación da Coruña nos termos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21. Compatibilidade con outras axudas

As axudas obtidas ao amparo desta orde serán compatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso procedente desta e doutras administracións públicas.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións supere o custo da actuación subvencionada.

Artigo 22. Información básica en materia de protección de datos persoais

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria ostentando a Deputación da Coruña, a condición de responsable do tratamento. Os ditos datos serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión dos bonos emitidos ao abeiro do Programa provincial de apoio ao comercio local.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público en base á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A información relativa ao nome comercial e á dirección postal do comercio retalista, ao nome da persoa representante e ao teléfono móbil poderá ser comunicada a terceiros colaboradores para a entrega do material coa imaxe corporativa do programa aos establecementos adheridos.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos comercios retalistas adheridos ao programa na páxina web www.mercanavila.gal.

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderán exercitar os devanditos dereitos na correspondente dirección da entidade financeira colaboradora seleccionada: Servizo de Atención ao Cliente de Abanca, Rúa Nova, 1, entresollado, 15003 A Coruña ou a través do correo atencioncliente@abanca.com; e poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos na política de privacidade da entidade publicada na web: <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

As persoas interesadas poderán consultar máis información sobre a política de privacidade na páxina <https://sede.dacoruna.gal/sxc/es/privacidad>. A Deputación da Coruña conta cun Delegado de Protección de Datos, con quen se poderán poñer en contacto a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Artigo 23. Transparencia e bo goberno

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 8.1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. Información

As persoas interesadas poderán obter información adicional a través da web www.mercanavila.gal.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento poderán facer uso do teléfono de información xeral da Deputación de A Coruña 981 415 000/981 415 509.

Disposición adicional primeira. Base de datos nacional de subvenciones

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta.

Disposición adicional segunda. Información de relevancia tributaria

Darase conta á Axencia Estatal de Administración Tributaria da información preceptiva de relevancia tributaria.

Anexo 1_ Cifras oficiais de poboación dos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes segundo os datos de poboación do Instituto Galego de Estatística:(Cifras a 1 de xaneiro de 2024)	
CONCELLO	Nº HABITANTES
1 Abegondo	5.578
2 Aranga	1.799
3 Ares	6.156

	Anexo 1_ Cifras oficiais de poboación dos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes segundo os datos de poboación do Instituto Galego de Estatística:(Cifras a 1 de xaneiro de 2024)	
	CONCELLO	Nº HABITANTES
4	Arzúa	5.887
5	Baña, A	3.291
6	Bergondo	6.986
7	Betanzos	13.261
8	Boimorto	1.801
9	Boiro	19.018
10	Boqueixón	4.200
11	Brión	8.197
12	Cabana de Bergantiños	4.098
13	Cabanas	3.296
14	Camariñas	5.098
15	Capela, A	1.182
16	Cariño	3.691
17	Carnota	3.800
18	Carral	6.775
19	Cedeira	6.548
20	Cee	7.740
21	Cerceda	5.085
22	Cerdido	1.004
23	Coirós	1.931
24	Corcubión	1.678
25	Coristanco	5.744
26	Curtis	4.181
27	Dodro	2.620
28	Dumbría	2.776
29	Fene	12.530
30	Fisterra	4.704
31	Frades	2.163
32	Irixoa	1.326
33	Laracha, A	11.603
34	Laxe	2.919
35	Lousame	3.099
36	Malpica de Bergantiños	5.267
37	Mañón	1.223
38	Mazaricos	3.719
39	Melide	7.734
40	Mesía	2.383
41	Miño	6.946
42	Moeche	1.200
43	Monfero	1.818
44	Mugardos	5.195
45	Muros	8.184
46	Muxía	4.380
47	Neda	4.868
48	Negreira	6.961
49	Noia	14.092
50	Ordes	12.772
51	Oroso	7.757
52	Ortigueira	5.418

Anexo 1_ Cifras oficiais de poboación dos concellos da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes segundo os datos de poboación do Instituto Galego de Estatística:(Cifras a 1 de xaneiro de 2024)		
	CONCELLO	Nº HABITANTES
53	Outes	6.049
54	Oza-Cesuras	5.151
55	Paderne	2.387
56	Padrón	8.256
57	Piñeiro, Ou	4.581
58	Pobra do Caramiñal, A	9.184
59	Ponteceso	5.318
60	Pontedeume	7.456
61	Pontes de García Rodríguez, As	9.782
62	Porto do Son	9.064
63	Rianxo	10.748
64	Rois	4.395
65	Sada	17.140
66	San Sadurniño	2.733
67	Santa Comba	9.319
68	Santiso	1.453
69	Sobrado	1.754
70	Somozas, As	1.068
71	Teo	19.045
72	Toques	1.070
73	Tordoia	3.181
74	Touro	3.387
75	Trazo	2.979
76	Val do Dubra	3.734
77	Valdoviño	6.857
78	Vedra	4.942
79	Vilarmaior	1.252
82	Vilasantar	1.229
81	Vimianzo	6.808
82	Zas	4.261

ANEXO 2 - Epígrafes actividades comerciais			
AGRUPACIÓN	GRUPO	EPÍGRAFE	ACTIVIDADE
65			COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUTOS INDUSTRIAIS
	651		COMERCIO DE PRODUTOS TÉXTILES, CONFECCIÓN, CALZADO PEL E COIRO
		651.1	Comercio polo miúdo produtos téxtiles para ou fogar
		651.2	Comercio polo miúdo pezas de vestir e tocado
		651.3	Comercio polo miúdo lencería e corsetería
		651.4	Comercio polo miúdo mercería e paquetería
		651.5	Comercio polo miúdo pezas especiais
		651.6	Comercio polo miúdo calzado e complementos pel
		651.7	Comercio polo miúdo confeccións de peletería
	652		COMERCIO MEDICAMENTOS, PRODUTOS FARMACÉUTICOS E HERBOLARIOS
		652.2	Comercio polo miúdo produtos droguería, perfumería
		652.3	Comercio polo miúdo produtos perfumería e cosmética
		652.4	Comercio polo miúdo plantas e herbas, herbolarios

ANEXO 2 - Epígrafes actividades comerciais			
AGRUPACIÓN	GRUPO	EPÍGRAFE	ACTIVIDADE
65			COMERCIO POLO MIÚDO DE PRODUTOS INDUSTRIAIS
	653		COMERCIO ARTIGOS PARA EQUIPAMENTO DO FOGAR E CONSTRUCCIÓN
		653.1	Comercio polo miúdo mobles (excepto oficina)
		653.2	Comercio polo miúdo aparellos de uso doméstico
		653.3	Comercio polo miúdo artigos enxoval, ferretería, adorno
		653.4	Comercio polo miúdo materiais de construción
		653.5	Comercio polo miúdo portas, xanelas e persianas
		653.6	Comercio polo miúdo artigos de bricolaxe
		653.9	Comercio polo miúdo artigos fogar (non comprendidos noutras partes)
	656		COMERCIO POLO MIÚDO BENS USADOS
	657		COMERCIO POLO MIÚDO DE INSTRUMENTOS MUSICAIS
	659		OUTRO COMERCIO POLO MIÚDO
		659.1	Comercio polo miúdo selos, moedas, medallas, colección...
		659.2	Comercio polo miúdo mobles e máquinas de oficina
		659.3	Comercio polo miúdo aparellos médicos, ortopédicos
		659.4	Comercio polo miúdo libros, periódicos, revistas.
		659.5	Comercio polo miúdo artigos xoiería, relojería, bisutería
		659.6	Comercio polo miúdo xoguetes, art. deporte, armas...
		659.7	Comercio polo miúdo sementes, abonos, flores, plantas
		659.9	Comercio polo miúdo doutros produtos non especificados nesta agrupación.
97			SERVIZOS PERSONAIS
	972		SALÓNS DE PEITEADO E INSTITUTO DE BELEZA
		972.1	Servizos de peiteado
		972.2	Salóns e institutos de beleza e gabinetes de estética

ANEXO – Extracto da Convocatoria

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios/as

Persoas físicas maiores de 18 anos, con independencia do lugar onde residan, que realicen as actuacións establecidas no artigo 5 das bases reguladoras do Programa provincial de apoio ao comercio local.

Segundo. Obxecto

O seu obxecto é establecer a normativa reguladora pola que se rexerá a concesión no ano 2025 das axudas do Programa provincial de apoio ao comercio local nos Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

6.000.000 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de descarga dos bonos irá desde o 20 de outubro ata o 20 de novembro de 2025, ou ata que o importe total dos descontos efectivamente realizados en compravendas alcance os 6.000.000 €.

Sexto. Outros datos de interese

O prazo xeral de adhesión dos comercios comprenderá desde o día 6 ao 20 de outubro de 2025 ás 9:00 horas.

Mediante Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña poderase modificar a devandita data se razóns organizativas ou doutra índole así o aconsellaran, dándose a oportuna publicidade.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios/as

Personas físicas maiores de 18 anos, con independencia do lugar onde residan, que realicen as actuacións establecidas en o artigo 5 de las bases reguladoras del Programa provincial de apoyo al comercio local.

Segundo. Objeto

Su objeto es establecer la normativa reguladora por la que se regirá la concesión en el año 2025 de las ayudas del Programa provincial de apoyo al comercio local en los Ayuntamientos de menos de 20.000 habitantes de la Provincia de A Coruña.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

6.000.000 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de descarga de los bonos irá desde el 20 de octubre hasta el 20 de noviembre de 2025, o hasta que el importe total de los descuentos efectivamente realizados en compravendas alcance los 6.000.000 €.

Sexto. Otros datos de interés

El plazo general de adhesión de los comercios comprenderá desde el día 6 a 20 de octubre de 2025 a las 9:00 horas.

Mediante Resolución de la Presidencia de la Diputación de A Coruña se podrá modificar la dicha fecha si razones organizativas o de otra índole así lo habían aconsejado, dándose la oportuna publicidad.